

NETWORKING MELLORA COMUNICATIVA

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN



A MARCA



COSTA DA MORTE **TERRA ATLÁNTICA**

ORIXE

O GDR Costa da Morte puxo en marcha "Terra Atlántica" no ano 2018 como unha iniciativa para impulsar a creación dunha marca de territorio que consolidase e potenciase a identidade da Costa da Morte, en base ao reforzo e á distinción da produción local, baixo uns parámetros de calidade e valor diferencial.

O obxectivo que orientou a creación desta marca foi o de **distinguir, visibilizar e consolidar no mercado os produtos ou servizos de empresas da Costa da Morte.**

A marca vertébrase en tres grandes eixos:

- Ofrecer uns servizos ou produtos da Costa da Morte, que identifiquen a procedencia do que se consume, que é de proximidade e que axuda ao coidado e á posta en valor dunha terra chea de oportunidades.
- Divulgar e comunicar, mellorando a visibilidade e a imaxe destes produtos e servizos.
- Fomentar os valores do rural (cultura, patrimonio, medio ambiente,...) informando sobre propostas de interese para as persoas visitantes.

A IMPORTANCIA DA COLABORACIÓN

- As empresas traballando en conxunto acadan máis cousas que operando unicamente por separado. A marca axuda a crear sinerxías para acadar resultados máis innovadores.
- Compartir capacidades e/ou recursos acrecenta as vantaxes competitivas das asociadas.
- A cooperación pode darse en moitos aspectos e ámbitos, pero no que atinxe á Marca, a colaboración céntrase inicialmente no intercambio de información, coñecemento e a promoción conxunta de empresas e servizos adheridas á **Costa da Morte Terra Atlántica.**
- Importancia do establecemento dunha cultura empresarial na que prime a posta en valor da orixe do produto ou servizo.
- Mellorar a imaxe comunicativa das empresas axuda a acadar unha maior visibilidade e impacto dos seus produtos e servizos.
- Cómpre poñer as bases para aprender a coordinarse e organizarse para a realización das actividades conxuntas.

RETOS ESTRATÉXICOS

Trátase de **reforzar a promoción comercial** das empresas adheridas á marca a través da publicidade e promoción, de apoio a vendas e de representación exclusiva. É por isto, que se trata de buscar diferentes solucións de cooperación para a comercialización e distribución:


- Asentar e consolidar ás marcas adheridas nos mercados de proximidade.
- Conseguir que penetren en novos mercados.
- Reducir custos e riscos en xeral, e en particular, en novas aventuras de comercialización.
- Estudar e coñecer mercados aos que se desexe acceder e ampliar a rede de distribución.
- Mellorar e completar a gama de ofertas da empresa.
- Implantarse internacionalmente establecéndose noutros mercados. A cooperación comercial é especialmente adecuada para o acceso aos mercados exteriores.
- Acadar maior difusión e coñecemento dos produtos e servizos da Costa da Morte.

ÁMBITOS DE COLABORACIÓN

Para o desenvolvemento dos acordos de colaboración identificamos os seguintes accións:

- A imaxe é un **signo de distinción e identificación** da Marca. Polo tanto, as entidades adheridas deben acordar internamente a todos os niveis de empresa o uso da mesma. Os produtos e servizos teñen que facer ver a súa pertenza a Marca. A Marca ten que ser visible nos espazos físicos, nos produtos e a nivel de comunicación. As entidades adheridas que demanden produtos ás empresas que estean dentro da Marca deben solicitar que se contemple a imaxe gráfica da Marca.
- Acordar entre as empresas adheridas **estratexias de colaboración na comercialización** e venda dos seus produtos e servizos a través de programas promovidos dende a Marca. Dar a coñecer as entidades adheridas á Marca en feiras, eventos ou actos. Programar de encontros (presenciais e/ou virtuais) para decidir sobre cuestións de especial transcendencia, así como para realizar xornadas informativas ou de formación, ou darse a coñecer.
- No eido a **comunicación interna**, Terra Atlántica creará un grupo de WhatsApp cunha única persoa administradora para reforzar as informacións e notificacións que faga a marca por outras vías. Pódese difundir de forma periódica un boletín coas novidades da marca e das empresas asociadas, para que todas as empresas estean ao tanto. Realización de campañas de creación de sinerxías comunicativas entre empresas con intereses comúns e que poidan, reforzar coa comunicación externa a través das canles e recursos da marca.
- Na **comunicación externa**, a marca realiza convenios ou colaboracións cos principais medios de comunicación da Costa da Morte e Galicia para poñer en valor as súas accións e presentar as empresas adheridas. Con isto chégase a un público amplo, heteroxéneo e un mercado inmediato. Difusión das empresas adheridas a través as redes sociais da marca e extensión do uso das redes sociais entre as empresas adheridas, para facilitar a creación dunha comunidade en internet asociada á marca de territorio máis robusta, ampla e dinámica.

UNHA COSTA DA MORTE EN TODOS OS SENTIDOS!



SABOREA **TERRA ATLANTICA**

Para entidades do sector primario e asociadas á venda de produto, así como a empresas de hostalaría e restauración.

- Dinamización do produto do mar e da terra da Costa da Morte a través de debates e faladoiros para a súa posta en valor. Queremos conseguir unha identificación do produto do mar e do campo a través dunha elaboración que se asocie á Costa da Morte, **alimento atlántico**. Deseño dun plan de reflexión, investigación, acompañamento e formación dirixido ao sector da hostalería-restauración, centros escolares e outros comedores. Queremos **reforzar o valor do consumo de proximidade**.
- Afonda nunha nova cociña baseada no produto do campo e do mar, a través da mellora das capacidades para a organización, capacitación e a dinamización de procesos innovadores entre a xente do mar e do campo e o sector da hostalería-restauración. Busca a aprendizaxe destes procesos e de técnicas para levalos a cabo en diferentes ámbitos, distinguindo principalmente o ámbito do consumo colectivo.
- Procura contar con profesionais de referencia do territorio, dar protagonismo aos coñecementos e saberes da xente do territorio no tratamento e elaboración culinaria, intercambiar coñecementos, experiencias, saberes e sabores entre homes e mulleres mariscadoras, mariñeiras, labregas, produtores, ... co sector da hostalería-restauración.
- **Potenciar a cociña Terra Atlántica-Alimento Atlántico**, o consumo de produtos de calidade e saudables; mellorar os hábitos alimenticios das xeracións máis novas.
- Impulsar a participación das entidades adheridas á marca, favorecendo o achegamento do produto de calidade e transformándoo para unha nova cociña de produto Costa da Morte: combinar a cociña tradicional cunha nova forma de transformación, elaboración e consumo.

Liñas de actuación **propostas:**

- Sensibilización social. Por exemplo, xornadas municipais de exaltación do produto da terra-mar, concursos de receitas populares, concursos de tapas Costa da Morte-Terra Atlántica, feiras e/ou foros que conxuguen o patrimonio inmaterial coa tradición gastronómica.
- Difusión no mundo dixital, a realizar por persoeiros recoñecidos, implicando ás empresas adheridas.
- Sinerxía coa hostalaría local. Por exemplo: concursos de tapas, rutas gastronómicas, acordos mensuais da tapa "terra atlántica", fidelización do cliente cos locais adheridos con agasallos, etc.
- Sensibilización e posta en valor do produto da Costa da Morte no mundo escolar. Por exemplo: propostas de semana da "terra atlántica" nas escolas ou centros de maiores das localidades.
- Busca de colaboradores: produtores, patrocinadores, organizadores, etc.

RESPIRA **TERRA ATLANTICA**



Para empresas que oferten servizos para o sector terciario, así como as asociadas ao sector turístico.

Respira Terra Atlántica quiere organizar e coordinar ás empresas adheridas da Marca para que promovan unha serie de actuacións conxuntas nun programa de actividades culturais, de lecer e deportivas, que sexan complementarias entre si e tamén co programa Saborea Terra Atlántica. Este programa pode dinamizar o territorio reforzando a imaxe e posicionamento das empresas do territorio.

Liñas de actuación **propostas:**

- Actividades relacionadas co turismo activo (padel surf, vela, kaiak, rutas en bici, rutas a pé, ruta dos dolmens...) que supoñan un incentivo turístico á hora de escoller como destino a Costa da Morte.
- Ideación da Semana Terra Atlántica, de lecer, que combinara temáticas de turismo, deporte, patrimonio ... adaptadas a todo tipo de públicos (escolares, adultos, persoas con discapacidade, etc): rutas a pé, rutas combinadas entre bus e barcos para coñecer a zona costeira, submarinismo, ... incluíndo xornadas de pesca,
- xornadas de agricultura, visitas a prazas-lonxas-mercados, patrimonio industrial, obradoiros de artesanía, ... etc.
- Actividades de lecer orientadas á última hora do día. Noites do mar: rutas dos fogos de artificio, ceas do mar, tradicións mariñeiras, postas de sol, lendas orais dramatizadas, etc.
- Actividades relacionadas co patrimonio material e inmaterial. Programas, actividades e espazos culturais e artísticos.

TERRA ATLÁNTICA **ABERTA**

Para empresas adheridas dedicadas ao comercio e ao sector servizos.

Terra Atlántica Aberta quere reforzar o consumo de produtos e servizos na Costa da Morte por parte da poboación do propio territorio. Trataríase de consolidar unha organización/acordo comercial de todas as empresas adheridas á Marca, contando coa imaxe da Marca e estratexia propia na que se comparta unha concepción global de oferta comercial, servizos, cultura e ocio. O ideal sería, na medida do posible, ter unha única unidade de xestión e comercialización de todos os produtos a través de, por exemplo, unha central de vendas ou promover a dinamización de programas de actividades que avoguen pola compra local.

Liñas de actuación propostas:

- Acordos ou convenios cos Concellos e posta en marcha de fórmulas de xestión e apoio para dotarse dun servizo de
- información, asesoramento xeral, formación, publicidade, ...
- Uniformidade na imaxe de marca.
- Identificación e sinalización comercial, melloras na trama urbana que supoña unha acondicionamento común por parte dos concellos, certa homoxeneidade na imaxe e mobiliario da empresas.
- Imaxe e comunicación. Campañas de promoción conxunta de animación comercial e de publicidade. Potenciar a imaxe e comunicación conxunta a través da Marca. Identificación dos establecementos e existencia en redes sociais e web propia.

EMPRESAS ADHERIDAS

CONCELLO	ENTIDADE	ACTIVIDADE
A Laracha	Ramisquido	Producción hortícola
	Coreber	Agrogandeiro
Cabana de Bergantiños	Casa de Verdes	Turismo: hostalaría e restauración
	Cocinas Jocar	Industria fabricación
Camariñas	O Vilán	Servizos: distribución
	Martínez y Villar	Frio Industrial
	Algareira	Alimentación, repostería artesanal
Carballo	ECOGAS Norte	Servizos enerxéticos
	Ar de Arte	Produtos de alimentación
	Dakar&Rock	Hostalería
	Cerviño	Artesanía: instrumentos tradicionais
	Dime Si Quiero	Comunicación & Eventos
Carnota	O Lar do Mar	Hostalería
	Propetan	Industria: granito e pedra natural
	Morada da Moa	Turismo: hostalaría e restauración
Cee	Stoupa	Servizos turísticos
	Dumbria Aluminio e PVC SL	Industria
Coristanco	Juan Ramón Sanjurjo	Producción hortícola
	La Despensa d'Lujo	Alimentación e horta
	Savele	Química Industrial
Dumbria	Adventurezaro	Servizos turísticos: lecer e deporte
	Casa A Pichona	Turismo: hostalaría e restauración
Fisterra	Bela Fisterra	Turismo: hostalaría e restauración
	Hotel O Semáforo	Turismo: hostalaría e restauración
	Hotel Cabo Sport	Turismo activo
Laxe	Hotel Playa de Laxe	Turismo: hostalaría e restauración
	A Torre de Laxe	Turismo: hostalaría e restauración
Malpica	Obradoiro Cambón	Artesanía: alfarería
	Olería Aparicio	Artesanía: olería
Mazaricos	Gandería Doreiro	Producción primaria, gandería
	Pastos do Enxilde	Producción primaria, gandería
	Campamento Corzón	Turismo: hostalaría
	Panadería Jurjo	Alimentación
Muxia	A Casa do Peixe	Turismo: hostalaría e restauración
	Granxa Moreira	Gandería, leite e derivados
	Casa de Trillo	Turismo: hostalaría e restauración
Ponteceso	Panadería O Sabio	Alimentación
Vimianzo	Caolines de Vimianzo (CAVISA)	Produccións de minerais
	Casal de Cereixo	Turismo: hostalaría e restauración
	Gerca Acero y Metal	Industrial
	Risco (Hostelvim)	Turismo: hostalaría e restauración
	Pan Ignacio	Alimentación: panadería, pastelería
	Coido de Sabadelle	Artesanía alimentaria: cervexa artesá
	A Casa de Canle	Turismo: hostalaría e restauración
Zas	Eliás Inmobiliaria	Servizos: inmobiliaria
	Aurum	Asistencia Maiores

COSTA DA MORTE TERRA ATLÁNTICA A MARCA NA QUE MERECEES ESTAR



www.terratlantica.gal